

De orde do Excmo. Sr. Reitor teño a honra de convocar a V. S. á sesión ordinaria do Consello de Goberno que terá lugar o vindeiro día 2 de maio de 2006, na Sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, ás 9.30 horas en primeira convocatoria e ás 10.00 en segunda, coa seguinte orde do día:

1. Informe do Reitor.
2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior, do 22 de marzo de 2006.
3. Contratos e convenios.
4. Licenzas.
5. Prazas de profesorado.
6. Renovación da contratación de profesorado emérito.
7. Adscrición da área de Métodos Cuantitativos para a Economía e a Empresa ao Departamento de Economía Aplicada II.
8. Premios extraordinarios da Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais do curso académico 2002/2003.
9. Regulamentos internos do Dpto. de Bioloxía Animal, Bioloxía Vexetal e Ecoloxía, Dpto. de Economía Aplicada II, Dpto. de Filosofía e Métodos de Investigación en Educación, Dpto. de Fisioterapia e Dpto. de Psicoloxía.
10. Quenda aberta de intervencións.

A documentación completa relativa aos puntos 2 e 3 está a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría Xeral da Universidade e na Secretaría Técnica do Campus de Ferrol. Achégase con esta convocatoria a documentación relativa aos puntos 3 (relación de convenios), 4, 5 e 9.

Lémbrese aos membros do Consello de Goberno que poden estacionar os seus vehículos no patio interior da Reitoría mentres dura a sesión.

A Coruña, 25 de abril de 2006

O SECRETARIO XERAL

Asdo. Xosé Manuel Carril Vázquez

**SRES./SRAS. MEMBROS DO CONSELLO DE GOBERNO**